



Unha luciña na escuridade: radiografía espiritual de Carlos Casares

Xavier Carro

1.- *Cava fundo o corazón para a lembrança* (Daniel Faria)

Co gallo do Día das Letras Galegas do presente ano, dedicado a Carlos Casares, vou escribir verbo daqueles días que vivimos en Compostela, cando a literatura enchía as nosas vidas, eramos ricos en soños e funámbulos na vertixe do tempo, arredor dunha mesa de café, mentres viamos esvarar a chuvia polos cristais da memoria. A escrita non é máis que o rescate do pasado. Aliméntase dese pasado e o meu propósito é contarvos algúns feitos, que vivimos xuntos, á fin e ao cabo, sucesos que hoxe son unhas lembranzas miñas, inéditas ou descoñecidas do noso benquerido Carlos.

Unha delas, dende a súa morte, adquiriu unha dimensión inxente ao vir ao meu pensamento con moita frecuencia. Era coma un *ritornello*. Se fose un pagán, chegaría a pensar que Carlos foi un escollido dos deuses e que pronto nos sería arrebatado aos humanos para alegrarlle os parladoiros olímpicos a aqueles deuses tan insidiosos coma vingativos. O seu falecemento na madurez da súa vida e na súa plenitude creadora foi tan inesperado que deixou orfos e abatidos aos que fomos os seus amigos. Lémbrome ben daquela temperá hora matinal en que a miña muller entrou amodiño no cuarto onde traballaba e preparoume para me dar a noticia que escoitara na radio. Quedei petrificado e sumido nun carrusel de sombras e relembrs. Con bágoas nos ollos pensei no amigo que se fora para sempre e, con el, un anaco de todos nós marchara tamén pola embocadura da historia mínima, intransferible e persoal de cada individuo. Viñéronme á cabeza aqueles versículos de que «os días do home son coma feo, o seu florecer coma o da flor: aínda non a roza o vento, xa se foi...».